

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2018 pola que se somete a información pública a delimitación de espazos e usos portuarios do porto de Maniños-Barallobre.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia elaborou a delimitación de espazos e usos portuarios (DEUP) do porto de Maniños-Barallobre (TM de Fene, A Coruña), en cumprimento do artigo 52 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Este documento sométese a información pública para que as persoas ou entidades interesadas poidan presentar por escrito as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas, para isto dispoñen do prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da data da publicación deste anuncio.

As reclamacións ou alegacións poderán ser presentadas nas oficinas dos servizos centrais do ente público, situadas na praza de Europa, nº 5A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, ou ben nas oficinas da zona norte de Portos de Galicia, rúa Nicomedes Pastor Díaz, 13, 27002 Lugo, onde se poderá tamén examinar o documento referido durante o prazo indicado e nos días hábiles das 9.00 ás 14.00 horas. Así mesmo, a documentación estará á disposición na páxina web www.portosdegalicia.com, na epígrafe de Áreas Temáticas/Planificación.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: zxnzs199-nlh9-qjq0-7or4-t2eofzc6ezg9

